

Por que é importante sanear as augas residuais?

As actividades domésticas (hixiene persoal, tarefas de limpeza, preparación de alimentos, etc.) introducen elementos estraños na auga (ouriños, feces, deterxentes e graxas, ...) e alteran a súa calidade natural, contaminándola; xéranse augas residuais.

Antes de verter estas augas ao medio natural é preciso quitar gran parte da devandita contaminación; é necesario depurar as augas residuais domésticas.

Cando as vivendas están illadas, e non hai posibilidade de conexión a unha rede de sumidoiros, situación frecuente no contorno rural galego, unha solución adecuada é o saneamento doméstico autónomo.

Unha solución de saneamento autónomo ben deseñada, executada e mantida evitará a chegada de contaminantes, por exemplo, ás augas subterráneas que moitas veces alimentan fontes, traídas veciñais e pozos particulares



Cartel de promoción do saneamento autónomo nas vivendas rurais. O cartel ten un fondo amarelo e contén a seguinte información:

- mandeo** paraíso fluvial
- Logos de **Deputación DA CORUÑA** e **FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL** (Una manera de hacer Europa).
- Web: www.riomandeo.com
- Logos de **LIFE** e **AQUA PLANN PROJECT**.
- Logos de **CONCELLO DE ABEGONDO** e **EMALCSA - AUGAS DE GALICIA - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR - XUNTA DE GALICIA**.
- Web: www.aqua-plann.eu - ec.europa.eu/life
- Logo de **Deputación DA CORUÑA**.
- Logo de **AQUA PLANN PROJECT** e **mandeo** paraíso fluvial.
- Ilustración dunha cabeza de castor con un máscara branca.




En que consiste a depuración de augas domésticas?

Para depurar as augas residuais dunha vivenda é necesario realizar, como mínimo, dúas fases tratamento, unha realízase na fosa séptica e a outra na área de percolación:

- A **fosa séptica** é un tanque deseñado para separar e acumular os sólidos que están suspendidos ou son arrastrados pola auga residual.
- Na **área de percolación** elimínanse os contaminantes disoltos na auga mediante un proceso biolóxico que se produce dun modo natural no solo situado baixo as **gabias de infiltración**.


Para poder infiltrar a auga é preciso que o solo teña unhas características apropiadas. Para que a depuración resulte efectiva o solo debe ser profundo e ter unha permeabilidade adecuada.

Para deseñar e executar de forma adecuada estas dúas etapas pódese consultar o documento “Manual de boas prácticas: sistemas de saneamento das vivendas rurais”.



Como manter un sistema de saneamento autónomo?

Detalles construtivos dunha instalación de saneamento autónomo básica (fosa séptica + área de percolación) proposta para unha vivenda de 4 habitantes



En ausencia de rede de saneamento municipal a normativa obriga ao propietario da vivenda a prever o tratamento individual das augas residuais e a responsabilizarse do seu bo funcionamento.

Cun mantemento adecuado, unha instalación ben construída pode depurar as augas residuais durante moitos anos (máis de 20). Se pola contra, o sistema non recibe a atención necesaria prodúcese contaminación na contorna.

As tarefas básicas de mantemento que se realizarán son as seguintes:

- Un xestor autorizado de residuos deberá baleirar a fosa séptica cada un ou dous anos, en función do seu volume e o número de persoas da vivenda. Se a fosa se colmata de sólidos non se conseguirán reter os que transporta a auga residual que estamos a tratar e pasarán á zona de percolación, atascándoa.

Nos labores de mantemento é moi importante observar que, por risco de asfixia, nunca se debe entrar ao interior dunha fosa séptica.

- Evitarase sobrecargar o sistema cun consumo de auga excesiva. Se a **área de percolación** se satura, as augas residuais empozaranse en superficie e obtúranse as perforacións das tubaxes de distribución.
- Vixiarase que non exista ningunha achega de auga allea ao sistema de saneamento (rega, recollida de pluviais, etc.). Un exceso de auga diminuíría a eficacia do tratamento.
- Para evitar a compactación do solo débese restrinxir o tránsito na área de percolación que ademais, en ningún caso, utilizarase como lugar de aparcadoiro.
- Elimínanse as plantas de certo porte que poidan interferir coas **gabias de infiltración**. Recoméndase plantar céspede na superficie da área de percolación e a contorna inmediata.

Lembra



Optimiza o consumo de auga na vivenda, canta máis auga se aforre no fogar, menor será o volume de augas residuais que se ha tratar.

O sistema de saneamento autónomo non é unha papeleira ou un vertedoiro.